

BASES I CONCURSO VIDEOCLIPS GALEGOS SONRÍAS BAIXAS

O I CONCURSO VIDEOCLIPS GALEGOS SONRÍAS BAIXAS está organizado por Play Plan Cultural, S.L.U., no que segue PlayPlan, como promotor do Festival SonRías Baixas.

O XVI edición do Festival SonRías Baixas celebrárase o 2, 3 e 4 de agosto de 2018 en Bueu. Enmarcado no programa de actividades paralelas e como colaboración co FICBUEU (Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu) que celebrará a súa XI edición na mesma localidade do 7 ao 15 de setembro de 2018, tendo interese en promover a cultura musical galega, créase o I concurso de videoclips galegos.

PARTICIPACIÓN E CONDICIÓNNS TÉCNICAS

A participación está aberta a todos os videoclips galegos, entendendo por videoclip galego o que cumpra algunha das seguintes condicións:

- a) Teña como lingua orixinal da canción o galego.
- b) Sexa producido por unha empresa galega
- c) Máis do 70% do equipo estea composto por persoas galegas.

Eventualmente, o festival poderá admitir unha obra que pola súa especial relación coa cultura de Galicia, así o aconsellara.

Poderán presentarse obras de calquera xénero musical, cunha duración máxima de 8 minutos (títulos de crédito incluídos).

Cada participante poderá presentar tantas obras como desexe.

O videoclip poderá estar rodado en calquera formato, sendo a única exigencia posuír unha copia dixital para a súa proxección.

A organización resérvase o dereito de rexeitar unha obra por mala calidade da imaxe ou son.

Todos os videoclips participantes deberán contar coas autorizacións e cesións de dereitos de autor e doutros titulares de obras preexistentes e orixinais que se incorporen nas mesmas. Neste sentido, as persoas participantes garanten que a obra presentada non vulnera ningún dereito de explotación, nin dereitos de honra, intimidade e imaxe, nin dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial e/ou calquera outros dereitos de terceiros, e que non vulneran a lexislación vixente. A organización do festival declina toda responsabilidade legal sobre as películas presentadas a concurso e o seu contido.

As obras que non cumpran algún destes requisitos serán descartadas.

Unha vez presentada a película e aceptadas as bases non se poderá retirar da programación nin esixir diñeiro pola súa exhibición. Proxectarase a copia enviada no proceso de selección.

INSCRICIÓN E DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL

A inscrición realizarase a través do enderezo de correo electrónico concurso@sonriasbaixas.info, onde se debe enviar no seguinte formato:

ASUNTO DO CORREO: Participación no concurso videoclips

CORPO DO CORREO:

Nome do grupo.

Persoa que presenta a inscrición co seu contacto (teléfono e correo electrónico).

DNI/CIF da entidade que presenta a inscrición.

Enlace de visionado do videoclip (non se admiten obras que veñan anexas no correo electrónico).

Estilo de música.

Título e ano de publicación do videoclip.

Título e ano de publicación da canción.

Calquera envío que non cumpra o formato ou a información antes referida pode ser desbotado para a participación no concurso.

As obras poderán enviarse ata o 31 de maio de 2018 ás 22:00h.

O material enviado terá consideración de material privado e so será accesible pola organización do festival e polos seus colaboradores.

De entre todos os videoclips recibidos, un comité creado polo FICBUEU seleccionará os finalistas, que se proxectarán durante os días do Festival SonRías Baixas e serán os que opten aos premios.

A organización resérvase o dereito a variar o número de videoclips escollidos para a proxección.

As obras seleccionadas proxectaranse un máximo de 5 veces durante o festival e esta selección será anunciada aos seleccionados de forma individual na primeira semana de xullo.

Os videoclipis seleccionados enviarán dixitalmente un arquivo cun EPK (Electronic Press Kit) composto de:

- Dous fotogramas ou fotografías (300 ppp) representativas do videoclip.
- Idea principal sobre a que xira o videoclip.

- Fotografía do grupo coa formación actual. Coas mesmas características descritas anteriormente.
- Biografía do grupo actualizada.
- Web e redes sociais do grupo.

Para confirmar a súa participación no festival terá que enviar dixitalmente o material solicitado antes do martes 10 de xullo ás 20:00h.

A organización resérvase o dereito de descartar unha obra por falta de materiais ou documentación requiridos.

As persoas participantes autorizan á organización do Festival o uso de dito material para a súa difusión en calquera medio de comunicación co fin de promover o Festival. Así mesmo, o Festival poderá utilizar fotografías dos videoclips e dos grupos, en prensa e outros medios de comunicación, así como para a elaboración do catálogo do Festival. O envío do extracto supón a aceptación da totalidade destas condicións.

XURADO

Dentro da colaboración co FICBUEU, será a entidade promotora de dito festival, Asociación FICBUEU, a que designe ás persoas do Comité de Selección.

O xurado estará composto por:

- 1 voto: Asociación FICBUEU
- 1 voto: Academia Galega do Audiovisual
- 1 voto: Play Plan Cultural, S.L.U.
- 2 votos: grupos participantes no SonRías Baixas 2018

O xurado terá liberdade para deixar unha categoría deserta, entregar un premio ex aequo ou realizar unha mención especial.

PREMIOS

Establécense as seguintes categorías e premios:

Primeiro premio 'Ánfora de Ouro'
Segundo premio 'Ánfora de Prata'
Terceiro premio 'Ánfora de Bronce'

Todos os premios irán acompañados do seu diploma acreditativo e a mención. A entrega de premios realizarase o sábado 8 de setembro durante o transcurso do FIC Bueu 2018.

As compañías produtoras e distribuidoras dos videoclips gañadores dos premios comprométese a permitir a súa proxección gratuíta durante os dez meses seguintes ao festival en tódalas aquelas actividades de carácter promocional que realice o festival.

Estas proxeccións serán sempre comunicadas previamente aos autores e propietarios das obras.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.

A organización do concurso resolverá ao seu xuízo inapelable, calquera eventualidade non especificada nestas bases.

As presentes bases estarán dispoñibles en galego e español. Para calquera dificultade na interpretación, o texto de referencia é o galego.

Para calquera dúbida ou información: +34 986 903 509 ou concurso@sonriasbaixas.info

PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en adiante, a “LOPD”), infórmase ao PRESENTANTE de que os datos facilitados con motivo da inscrición do videoclip o FESTIVAL e calquera outros que en diante aporte en conexión coa participación de dito videoclip no FESTIVAL, serán incorporados para o seu tratamento a un ficheiro titularidade da Entidade PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U., debidamente inscrito ante a Axencia Española de Protección de Datos, coa finalidade de xestionar e publicitar a participación da videoclips no FESTIVAL. A entrega de información requirida sobre datos persoais terá o carácter de obrigatoria e a súa falta de subministro ou o subministro de datos incorrectos imposibilitarán que poida xestionarse a participación do videoclip no FESTIVAL. Calquera modificación que poida producirse nos datos de carácter persoal facilitados deberá ser posta en coñecemento do responsable do ficheiro por parte do titular dos mesmos, que responderá en todo caso da veracidade e exactitude dos datos subministrados en cada momento. En caso de que se subministren datos de terceiros, a persoa PRESENTANTE declara contar co consentimento dos titulares dos mesmos para a citada comunicación de datos. Se desexa exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, a persoa PRESENTANTE e/ou calquera outra interesada pode dirixirse por escrito nos termos e condicións previstos na LOPD á seguinte dirección postal:

PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U. – Ramón Bares, 42 Sótano – 36930 – Bueu (Pontevedra)